

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. En lingua galega cada un dos condutos polos que volve o sangue ao corazón despois de regar os tecidos do corpo, denomínase:

- A) Veia.
- B) Venda.
- C) Vena.
- D) Venada.

2. Cal das seguintes palabras é INCORRECTA en lingua galega?

- A) Ril.
- B) Lombo.
- C) Coxa.
- D) Rodilla.

3. Sinale cal é a palabra INCORRECTA en galego:

- A) Vulto.
- B) Bulto.
- C) Burato.
- D) Buraco.

4. Indique a forma CORRECTA en lingua galega para o número cardinal 52:

- A) Cincoenta e dous.
- B) Cincoentedous.
- C) Cincuenta e dous.
- D) Cincuentedous.

5. Indique a forma CORRECTA en lingua galega, da palabra que significa sensación de que todo xira arredor dun ou que un mesmo xira, debida a un estado mórbido:

- A) Vértigo.
- B) Vertixe.
- C) Vertigo.
- D) Vértixe.

6. Na lingua galega cada un dos dentes non afiados da parte posterior da boca cos que se tritura a comida:

- A) Malar.
- B) Moa.
- C) Mola.
- D) Muela.

7. Indique a forma CORRECTA en lingua galega, para o número cardinal 18:

- A) Dezaeito.
- B) Dazaoito.
- C) Dezoito.
- D) Daza e oito.

8. Indique a forma CORRECTA en lingua galega, para a palabra que significa preparado natural ou químico, líquido e de sabor agradable que se toma como medicina:

- A) Xarabe.
- B) Jarabe.
- C) Xarope.
- D) Xarape.

9. Indique a forma CORRECTA en lingua galega, da palabra que significa molécula ou organismo que actúa como antíxeno, utilizado para producir inmunización preventiva:

- A) Vacuna.
- B) Bacuna.
- C) Vacina.
- D) Bacina.

10. Das seguintes palabras indique cal é a INCORRECTA en lingua galega:

- A) Esvelto.
- B) Voda.
- C) Avogado.
- D) Móvil.

Preguntas de reserva

1. Das seguintes palabras todas son de xénero feminino agás:

- A) Froita.
- B) Maceira.
- C) Sangue.
- D) Cerdeira.

2. Das seguintes frases, indique cal é a INCORRECTA en lingua galega:

- A) Este libro é meu.
- B) Esos cadernos son de Miguel.
- C) Colle aquela mesa do fondo.
- D) Achégame ese libro.